



arte



Un descoñecido Urbano Luigrís escritor desvélase 35 anos despois da súa morte no libro 'Balada de los mares del norte', que recolle textos publicados entre 1942 e 1973

Luigrís renace como escritor

Texto: L. O.

Tiveron que pasar 35 anos desde a súa morte e cen desde o seu nacemento para que a extraordinaria obra escrita do pintor Urbano Luigrís (A Coruña, 1908-Vigo, 1973) vexa por fin a luz en libro.

Balada de los mares del norte recolle máis de 300 páxinas de textos, moitos deles moi descoñecidos e algún inédito do autor, ata un total de 62 escritos. Poemas, contos e ensaios publicados entre 1942 e 1973 en revistas como *Vida Gallega* o *Atlántida*, xornais como *El Pueblo Gallego*, *El Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia* ou outras publicacións dispersas; tamén, escritos ou ilustracións cos que adoitaba agasallar a amigos ou coñecidos, algúns deles ven hoxe a luz por vez primeira.

Inclúese ademais medio centenar de ilustracións de Luigrís (xunto a varios manuscritos inéditos), e a reprodución en cor de todas as cubertas orixinais elaboradas para a revista *Vida Gallega* nos anos 50.

Balada de los mares del norte descóbrenos ao poeta barroco, ao narrador de ficción pleno de referencias cultas e tamén a un orixinal ensaísta.

Como poeta, Luigrís desenvolve unha temática mariña en conexión co mellor da súa pintura, con influencias de Manuel Antonio, Pablo Neruda ou Eduardo Pondal, como afirma no estudo introdutorio a doutora en Teoría da Literatura da Universidade da Coruña Olivia Rodríguez, responsable ademais desta edición anotada e dos apéndices (así, hai poemas dedicados a Isaac Díaz Pardo ou a Pablo Picasso, *Tres sonetos de las islas Cies* ou a súa *Loubanza de Betanzos*).

Como autor de relatos, Urbano Luigrís é un escritor culturalista que xoga coa intertextualidade con autores como Herman Melville, Stevenson, Luigrís Freire (seu pai), Vicente Risco ou Alvaro Conqueiro.

Contos como *El tesoro de las islas Cies*, rescatado das páxinas de *El Pueblo Gallego* onde foi publicado en dúas entregas en 1945; *Liafai*, en *Vida Gallega* en 1958, ou *S.W. en Nadal*, de *Atlántida*, 1954).

Nos ensaios recollidos neste libro, o pintor escritor ofrece nos biografías (Murguía, Vicetto, Tettamancy, Pondal, Manuel Antonio, Valle-Inclán...), información e efemérides históricas.

Urbano Luigrís escribía como pintaba, e esa fusión tan singular

de lenzo e prosa deu como resultado feliz unha voz única, un autor co que as culturas galega e española estaban en débeda.

Olivia Rodríguez afirma que "a aportación de Luigrís á cultura galega ten un valor aínda non calibrado totalmente na súa xusta medida. A súa obra sobrevive grazas á súa impresionante beleza e sentido mítico".

O editor, Henrique Alvarellos, destaca "o rigoroso traballo de investigación e de tratamento dos textos de Luigrís desenvolvido pola profesora Olivia Rodríguez, quen rescatou ducias de escritos esquecidos ou perdidos do pintor con resultado realmente brillante e definitivo para a recuperación presente e futura da obra deste home".

Coincidindo co centenario do nacemento de Urbano Luigrís, Alvarellos Editora acaba poñer á venda (en librerías ou a través da súa tenda *on line*, en www.alvarellos.info) esta *Balada de los mares del norte*, un novo volume —o noveno xa— para a súa Colección Rescate.



A publicación inclúe medio centenar de ilustracións do artista e as portadas da revista 'Vida Gallega' nos anos 50